

REGULAMENTO

LIGA GALEGA CAIAC DE MAR MASCULINA E FEMININA

REGULAMENTO

LIGA GALEGA DE CAIAC DE MAR

(Masculina e Feminina)

1.- PARTICIPACIÓN

Será por Equipos e haberá unha clasificación xeral masculina e feminina.

Por ser un Programa de Galicia en sistema de LIGA, o mesmo estará aberto a tódolos clubs de Galicia que cumpran os requisitos establecidos en cada unha das regatas puntuables e as normas aprobadas pola Asemblea da F.G.P. sobre afiliacións a clubs e deportistas da tempada 2026. Tódolos padexeiros e clubs galegos, para poder participar neste Programa deberán de estar en posesión da licenza federativa actualizada para a tempada 2026.

Os clubs de fóra de Galicia que desexen participar en calquera das competicións que forman parte da LIGA GALEGA DE CAIAC DE MAR 2026 poderán facelo sempre e cando cumpran os requisitos establecidos e as normas aprobadas pola súa Federación autonómica e Nacional para as competicións de Caiac de Mar, (agás nos distintos Campionatos Galegos nos que non terán dereito a participar) e pagar a inscrición dos seus padexeiros como si participaran na Categoría Popular (10€ por padexeiro). Os padexeiros e clubs de fóra de Galicia que participen nunha competición terán dereito a súa presea ou trofeo no caso de que lle corresponda pola súa clasificación na mesma pero non puntuarán a efectos da clasificación da Liga Galega de Caiac de Mar 2026. Si algunha regata desta Liga Galega coincidira cunha regata da Liga Nacional farase unha nova clasificación por clubs quitando a tódolos padexeiros de fora de Galicia debido as diferentes categorías existentes nas dúas ligas.

2.- COMPETICIÓN PUNTUABLES DA LIGA GALEGA DE CAIAC DE MAR 2026

Son competicións puntuables desta LIGA, as que figuren como tales no calendario oficial da tempada 2026.

As regatas nacionais na tempada 2026, so formarán parte da puntuación, si se celebran en Galicia, e so se fará a clasificación con clubs galegos (conforme ao posto acadado na clasificación xeral da regata).

3.- SANCIÓNS POR BAIXA

As baixas realizadas por motivos de seguridade (condicións meteorolóxicas desfavorables do campo de regatas) non serán tidas en conta para as sancións económicas.

Por cada embarcación non anulada e que non pase o oportuno control de saída, ademais de considerarse como non participante, sancionárase ó club infractor cá cantidade de 10 euros.

De igual forma, un club que realice a inscrición previa a unha regata e logo non tome parte na mesma, sexa cal sexa o número de embarcacións que foran inscritas con anterioridade, será sancionado con cen euros (100,00 €), sempre que NON se xustifique a súa ausencia.

4.- CATEGORÍAS E MODALIDADES

Categoría	Sprint/surfsky		OC/Va,a	Tradicional	Paracanoé
	K-1	K-2	OC-1	K-1	K-1 e V-1
Muller senior	x	x	x	x	x
Muller xuvenil	x	x	x		x
Muller cadete	x	x			x
Muller veterana	A	x	x	x	x
	B				
Home senior	x	x	x	x	x
Home xuvenil	x	x	x		x
Home cadete	x	x			x
Home veterano	A	x	x	x	x
	B				

5.- EMBARCACIÓNS

Non se permite a participación de embarcacións deseñadas para pista, ríos ou modificadas en competicións de Caiac de Mar pero si embarcacións tipo Polinesio dentro da Categoría Popular.

As embarcacións participantes deberán ser resistentes á presión da auga e ó choque das olas e en ningún caso se permiten lastres ou apéndices na súa construción así como ter a pala suxeita á mesma.

Características:

Poderán posuír asas en proa e popa que permitan o seu remolque. Deberán posuír a lo menos un compartimento estanco en proa ou popa que asegure a flotabilidade da embarcación aínda que este chea de auga. Os tambuches terán tapóns de baleirado para as zonas estancas. Terán dispositivos ou repousa pés que eviten escorregar ó padexeiro cara o interior do caiac e borde suficiente na bañeira para a fixación do cubre bañeiras. Tamén terán liñas de vida en proa e popa.

SPRINTER e SURFSKI:

Non ten ningunha limitación de lonxitude nin amplitude da embarcación. Nas embarcacións tipo surfski e OC1 o padexeiro debe ir unido á piragua ou á pala por medio dunha “correa de ligazón” (leash) como medida de seguridade.

TRADICIONAL:

A amplitude mínima da embarcación será igual ou superior ós 50 cm. para embarcacións individuais e 60 cm. para as embarcacións dobres, na súa obra viva, entendéndose por obra viva, a parte da embarcación en contacto ca auga co padexeiro dentro. No caso de non quedar clara a clasificación de Sprinter ou Tradicional, por parte do arbitro correspondente, os caiacs mediranse con un utensilio en forma de U, contando dende a base da embarcación 10 cm. cara arriba na perpendicular.

O padexeiro na embarcación tradicional debe ir unido á piragua ou á pala por medio dunha “correa de ligazón” (leash) como medida de seguridade.

6.- PUNTUACIÓNS E CLASIFICACIÓNS POR EQUIPOS

Para a clasificación da Liga, asignaranse os seguintes puntos en función da clasificación da regata: 1º 70 puntos, 2º 67 puntos, 3º 65 puntos, 4º 64..... Para a clasificación da regata, en caso de empate desempatará a categoría que teña o maior número de participantes.

A efectos de puntuación por equipos ou clubs, de cada modalidade, embarcación e categoría deberán tomar a saída, como mínimo tres (3) embarcacións de dous clubs distintos e un mesmo deportista só poderán puntuar nunha desas categorías ou modalidades.

Para a toma de puntos para a clasificación de clubs teranse en conta as 3 primeiras embarcacións de cada modalidade, categoría e club con entrada en meta sempre e cando sexa antes do peche de control sobre o tempo do 3º clasificado en función da distancia percorrida é será como mínimo de 1'30''x km, sendo a puntuación:

SS/Sprinter, Tradicional:

Para embarcacións individuais: 1º clasificado 70 puntos, 2º 67 puntos, 3º 64 puntos, 4º 62 puntos, 5º 61 puntos, a partir de aquí a puntuación irá decrecendo de punto en punto sempre que entren en control.

No caso de que entraran en control máis de 70 deportistas, os restantes sumarían un 1 punto.

Para embarcacións dobres: 1º clasificado 140 puntos, 2º 134 puntos, 3º 128 puntos, 4º 124 puntos, 5º 123 puntos, a partir de aquí a puntuación irá decrecendo de punto en punto sempre que entren en control.

O resto de embarcacións da mesma modalidade, categoría e club que entren en control (a partir do 3º padexeiro do mesmo club) ocupan posto pero non puntúan. A suma dos puntos alcanzados polas embarcacións de cada equipo ou club determinará o número de puntos acadados por cada un deles. Será proclamado gañador da regata o club que maior número de puntos alcance.

As embarcacións participantes na Categoría Popular Clásico non puntuarán para a clasificación por clubs.

Tampouco contarán para a clasificación por clubs da Liga Galega de Caiac de Mar os eventos organizados no formato Surfski Series desta tempada.

Todos aqueles clubs que tendo participado nunha competición non obtiveran puntuación algunha por calquera dos seus deportistas, a efectos de puntuación para a liga, asignaráselle a puntuación do último clasificado por clubs menos 5 puntos, sempre e cando exista unha embarcación de dito club entrada en meta.

Todas as competicións da liga son puntuables para a clasificación xeral final. Todos os clubs que non participen nunha competición recibirán 10 pts menos que o último clasificado, recibindo como mínimo un punto.

Os gañadores desta clasificación serán os que sumen máis puntos unha vez disputadas todas as competicións.

Formarán parte da Liga Galega de Caiac de Mar Masculina 1ª División 20 equipos: en función da clasificación da temporada anterior, aplicando os ascensos e descensos.

A Liga Galega de Caiac de Mar Masculina 2ª División estará formada polo resto de equipos que participen nesta Liga.

Ascensos e descensos: o remate da Liga, os equipos que ocupen as tres últimas posicións da clasificación final de 1ª División, perderán a categoría e baixarán a 2ª División. Estas prazas serán ocupadas polos equipos que ocupen as tres primeiras posicións na clasificación final da 2ª División.

Os equipos que non participen no 50% máis unha das regatas da Liga, non poderán militar na categoría superior.

A Liga Galega Augas Tranquilas Feminina 1ª División: só existirá a 1ª División na Liga Galega de Caiac de Mar Feminina.

Ascensos e descensos: o remate da Liga, según dos equipos que participen na Liga 2025, valorarase a posibilidade de facer dúas divisións nesta modalidade.

7. - DISTANCIAS, ORDE E HORARIO DE SAÍDAS.

Como norma xeral, nesta Liga, faranse dúas saídas en tódalas regatas puntuables.

Na primeira tomarán parte as categorías Elite Sprinter/SS júnior, sénior e veterán, ademais das embarcacións tradicionais e cunha diferenza o mais breve posible, aínda que dando tempo a cambiar os deportistas as embarcacións, tomarán a saída as modalidades Elite cadete e as modalidades da Categoría Popular (SS/K1, SS/K2 e Paleo a Pé).

A orde e horario de saídas definitivo, de ser necesario, será entregado ós clubs en cada unha das regatas a disputar.

Procedemento das Saídas.- Unha vez aliñadas as embarcacións o xuíz de saída dará a mesma, mediante as palabras: Atentos, Xa. As embarcacións que durante o proceso de saída invadan o campo de regatas antes da palabra XA, recibirán un **primeiro aviso que supoñerá 30 segundos** de penalización. Se persisten na actitude, un **segundo aviso supoñerá a descualificación** e deberán abandonar o campo de regatas inmediatamente.

Existirá, así mesmo, unha lancha a motor sinalando o percorrido. A distancia de cada regata será entre 10 e 15 km. para a primeira saída (Elite Sprinter/SS júnior, sénior e veterán, ademais das categorías das embarcacións tradicionais) e de entre 5 km. e 10 km. para a segunda (cadetes, a categoría popular), para a categoría infantil a distancia será aproximadamente de 3 km.

No Campionato Galego de Caiac de Mar poderase utilizar a sesión matutina para as regatas das Categorias Popular Cadete, OC1 e Tradicional e o Cto. Galego de Infantís, e tamén engadir outras modalidades do caiac de mar como as regatas Beach to Beach, Sprint,... Na vespertina as outras modalidades da Categoría Elite (xuvenil, sénior e veterans).

No caso de que, por inclemencias do tempo, as condicións da regata así o aconsellasen, un inscrito na Categoría Élite podería facer o recorrido da Categoría Popular, renunciando a posibilidade de puntuar para a clasificación por clubs e aparecendo nos resultados oficiais como padexeiro fora de control e sen tempo realizado (aínda que si debería ter orde de entrada en meta).

É obrigatorio que existan dous percorridos diferenciados polo que pode optarse por facer varias voltas a un percorrido marcado.

8.- TROFEOS, PRESEAS E PREMIOS EN METÁLICO.

Serán entregados, en cada unha das competicións puntuables para esta LIGA, trofeos a:

- a) Os/as tripulantes das tres (3) primeiras embarcacións de cada modalidade e categoría establecidas no presente regulamento.
- b) Os tres (3) primeiros clubs clasificados.

En cada competición da Liga Galega de Caiac de Mar haberá unha clasificación Masculina e Feminina pero será o organizador da competición que ditamine si diferencia estos premios.

9.- CAMPIÓNS

Será proclamado Campión, a nivel de clubs, o que maior número de puntos alcance sumando os obtidos por el mesmo en cada unha das regatas do programa.

En caso de empate gañará o club que mellor posición alcance no Campionato Galego da modalidade.

O Premio final da LIGA GALEGA DE CAIAC DE MAR será entregado soamente ó club clasificado no primeiro lugar na derradeira regata puntuable, ou nun acto se así o determina a XUNTA DIRECTIVA.

10.- OUTRAS NORMAS

Os deportistas da categoría cadete non poderán remar como júniior.

Os membros dos equipos de salvamento poderán obrigar a un deportista a retirarse se consideran que non está capacitado para completar o percorrido con seguridade.

RECOMENDASE a tódolos participantes, o saber incorporarse a embarcación dende a auga.

Os árbitros podrán obrigar a un deportistas a retirarse se considera que non está capacitado para completar o percorrido con seguridade.

Para todas aquelas normas que non se atopen estipuladas no presente regulamento nin no regulamento específico de cada regata puntuable en cada Liga, rexirase pola normativa do Regulamento Xeral das Ligas Galegas da Federación Galega de Piragüismo e do Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Real F.E.P. e polo Regulamento Nacional da especialidade correspondente e do Regulamento de Disciplina e Estatutos da F.G.P.

Para poder participar, os padexeiros deberán estar en posesión da licenza federativa debidamente actualizada para a tempada 2026 ou pagar a licenza que da dereito a participar dentro da Categoría Popular.

A Federación e os organizadores das regatas puntuables non se fan responsables dos danos que puideran causarse a embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transcurso como no transporte as regatas.

Recórdase a obriga de usar sistemas de flotabilidade para tódalas embarcacións. A falta das mesmas prohibe o acceso o auga.


E OBRIGATORIO O USO DO CHALECO FLOTADOR E CHIFRE MARINO PARA TÓDOLOS PADEXEIROS EN TÓDALAS REGATAS PUNTUABLES DESTE CIRCUÍTO.

No caso de ocorrencia de accidente dun padexeiro que esté competindo sen estar inscrito, o equipo arbitral e o comité de competición estarán exentos de toda responsabilidade.

11.- INFORMACIÓN

Para maior información desta LIGA GALEGA DE CAIAC DE MAR 2025, os interesados poderán dirixirse a Federación Galega de Piragüismo (C/ Gabian s/n Verducido, 36151 Pontevedra), Tfnos de contacto: 986842106 e 986896537, Fax 986851108 6 e-mail : kayak-canoa@fegapi.org e a páxina web www.fegapi.org

Vº Bº
PRESIDENTE



O SECRETARIO

